



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Convocatoria bases de concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido 2026

Na Xunta de Goberno Local do 12 de xaneiro de 2026, aprobáronse as bases do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas do Entroido 2026 que se publican para xeral coñecemento.

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2026

PRIMEIRA.- Obxecto

Co obxecto de promover no noso municipio unha das festas tradicionais máis importantes e recuperar unha das prácticas populares destas datas, o Concello de Carballo, a través da Concellaría de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas de Entroido.

SEGUNDA.-Data e lugar

Este concurso celebrarase o domingo día 15 de febreiro de 2026 ás 18.00 h. na Praza do Concello. Todos os participantes formarán parte do desfile que transcorrerá polas rúas próximas á Praza do Concello e rematará nesta Praza.

A organización resérvase o dereito de suspensión ou modificación da data e hora de celebración cando as circunstancias así o determinen.

TERCEIRA.-Prazos e lugar de inscrición

Poderán participar todas as persoas, agrupacións de persoas físicas ou entidades que se inscriban nos prazos e lugares que se recollen a continuación. No caso de agrupacións de persoas físicas, deberán facer constar a porcentaxe a aplicar no momento do pago do premio ou gratificación. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro, o importe do premio ou gratificación a aplicar a cada un deles, imputaráselle todo ao representante ou representantes a partes iguais.

Non terán dereito a premio nin gratificación disfraces que xa participaran en edicións anteriores.

INSCRICIÓN	
PRAZO	Comparsas e carrozas: A partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da BNDS e finalizará o 11 de febreiro de 2026
	Grupos, parellas e individual: A partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da BNDS e finalizará o domingo 15 de febreiro.
LUGAR	Registro Xeral do Concello de Carballo, sede electrónica ou rexistro situado no Pazo da Cultura > Rúa do Pan, s/n (de 11 a 13.00 h) T 981 704 300.
	Domingo 15 de febreiro: Praza do Concello (Só para grupos, parellas e individual). De 16.00 a 17.00 h
DOCUMENTACIÓN	Folla de inscrición Designación do representante a efectos de inscrición neste concurso. No caso de agrupacións de persoas, segundo o impreso Declaración de compromiso de execución da actividade e aplicación do importe de premios ou gratificacións recibidas. Copia do DNI da persoa inscrita, do representante e CIF da entidade (segundo proceda) No caso de participación de menores de idade, autorización do pai/nai ou titor.

Será decisión do xurado admitir a participación de comparsas ou carrozas inscritas fóra de prazo, aínda que nese caso estas non terán dereito a recibir gratificación por participar.

CUARTA.- Categorias e Premios

Establécense as seguintes categorías e modalidades nas que poderán inscribirse os/as interesados/as, que terán opción aos premios que se detallan a continuación:

PREMIOS			
CATEGORÍA	MODALIDADE	NÚMERO DE COMPOÑENTES	PREMIOS
INFANTIL (ata 14 anos)	COMPARSAS	Mínimo de 8 compoñentes	1º premio: 300 € 2º premio: 150 € 3º premio: 100 € 4º premio: 60 €
	GRUPOS	De 2 a 7 compoñentes	Premio: 110 €
	INDIVIDUAL	Un compoñente	1º premio: 90 € 2º premio: 70 € 3º premio: 50 €
ADULTOS (máis de 14 anos)	CARROZAS	Mínimo de 15 compoñentes	1º premio: 1.000€ 2º premio: 600 € 3º premio: 350€
	COMPARSAS	Mínimo de 10 compoñentes	1º premio: 700 € 2º premio: 400 € 3º premio: 200€
	GRUPOS	De 2 a 9 compoñentes	Premio: 125 €
	INDIVIDUAL	Un compoñente	Premio: 60 €
INFANTIL OU ADULTOS	PREMIO ESPECIAL “CHOQUEIRO DE BERGANTIÑOS”	Un compoñente PARTICIPANTE INSCRITO EN CALQUERA DAS MODALIDADES (non precisa inscrición específica)	Premio: 100 €
	ACCÉSITS	A DISTRIBUIR EN CALQUERA CATEGORÍA OU MODALIDADE	1000€

O xurado poderá outorgar o premio especial “Choqueiro de Bergantiños” a calquera concursante que participe en calquera categoría ou modalidade do desfile. Polo tanto non precisa inscrición previa.

Atendendo á calidade dos disfraces presentados, poderanse entregar accésits nas diferentes categorías ou modalidades por un importe máximo total de 1000 €.

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

Definicións das modalidades:

Comparsas: Enténdese como comparsa un grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e de 10 compoñentes na de adultos, disfrazados dun mesmo tema, que realizan algún tipo de representación e que NON levan consigo ningún vehículo de tamaño significativo.

Carroza: Considerarase carroza unha comparsa, cun mínimo de 15 compoñentes, acompañada dun ou varios vehículos sobre rodas, ben sexan autopropulsados ou remolcados, construídos ou decorados expresamente para o Entroido e convenientemente deseñada e decorada, cun tamaño mínimo de 2 metros de longo e 1 de ancho, e cunha decoración especial acorde coa denominación do grupo. Individualmente cada vehículo da carroza non poderá exceder os 4,00 metros de altura -medidos desde o chan-, 2,50 metros de ancho e 13 metros de longo, incluído o vehículo de arrastre. Acompañando cada vehículo, ademais do condutor, deberán ir un mínimo de 4 adultos.

Os vehículos a motor deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e, tanto os vehículos como as carrozas deben cumprir coa normativa de seguridade aplicable e cos requisitos establecidos na folla de inscrición. Na folla de inscrición, deberá realizarse unha descrición detallada da mesma. Se algunha comparsa ou carroza contén algún elemento que poida supoñer un perigo para o público ou para os propios participantes, estes deberán comunicarllo á organización no momento da inscrición. O Concello velará polo cumprimento das medidas de seguridade.

Adscrición a modalidades ou categorías: En caso de dúbida, o xurado determinará se os participantes se adscriben á categoría de comparsa ou de carroza.

Se nalgunha das modalidades colectivas participan compoñentes de idades pertencentes a diferentes categorías (menores e maiores de 14 anos), o xurado decidirá a que categoría se adscriben, para o que terá en conta o número de membros de cada idade e a súa repercusión no grupo.

Se nunha modalidade dunha categoría participan menos de 5 concursantes, o xurado poderá constituír unha única modalidade que agrupe aos participantes da ambas categorías, incorporando á mesma os premios previstos en ambas.

QUINTA.- Seguridade e materiais dos disfraces e desenvolvemento do desfile.

Seguridade e materiais dos disfraces: Evitarase a utilización de calquera tipo de artigo pirotécnico. Recoméndase que se utilicen materiais ignífugos e non inflamables.

No caso de que durante a construción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida solidaria e integramente polos inscritos como participantes no concurso que formen parte de dito grupo, comparsa ou carroza.

Desenvolvemento do Desfile

Música: De maneira xeral, todos os participantes desfilarán coa música que dispoña a organización. Para manter a axilidade do desfile, no caso de que os concursantes interpretasen algunha copla, canción ou baile que supoña a parada do desfile, a súa duración máxima será de dous minutos para carrozas e comparsas, un minuto para grupos, e 30 segundos para disfraces individuais. Se os concursantes precisan música específica, entregárase á organización entre as 16.45 e as 17.00 h do día do desfile nun pen cun único tema/pista, gravado en formato música ou MP3. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo, a música que se empregará será a prevista pola organización.

Orde no Desfile: En función do espazo dispoñible e para o mellor desenvolvemento do desfile, a organización determinará o lugar de colocación e orde no desfile, dos participantes.

SEXTA.- Gratificacións á participación

Co obxectivo de fomentar a participación, concederanse un máximo de 20 gratificacións, dun importe de 125 € para as comparsas de categoría infantil, 125 € para as comparsas de menos de 25 membros da categoría de adultos, 200 € para as comparsas de máis de 25 membros da categoría de adultos e de 300€ a cada unha das carrozas. Estas outorgaranse segundo a orde de inscrición e de acordo co número de integrantes que participen no Desfile con posterioridade á comprobación pola organización e o xurado, de que cumpren co establecido nestas bases e sempre e cando o xurado considere que os participantes reúnen unhas características ou condicións mínimas de calidade. Para a percepción das gratificacións será imprescindible a realización do percorrido completo do desfile pola totalidade de compoñentes do grupo, comparsa ou carroza (excepto casos excepcionais debido a circunstancias especiais previamente autorizados pola organización).

Se o número de comparsas e carrozas participantes superan o número de gratificacións dispoñibles, poderá limitarse a un máximo de 2 gratificacións por cada entidade inscrita.

GRATIFICACIÓNS		
CATEGORÍA	MODALIDADE	GRATIFICACIÓN
INFANTIL	COMPARSAS	125 €
ADULTOS	COMPARSAS DE MENOS DE 25 MEMBROS	125 €
	COMPARSAS A PARTIR DE 25 MEMBROS	200 €
	CARROZAS	300 €
Concederanse un máximo de 20 gratificacións		

SÉTIMA.- Xurado

O xurado será designado polo Concello de Carballo e del formarán parte representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade.

O xurado poderá excluír os participantes ou disfraces que pola súa temática ou elaboración podan resultar vexatorios, ofensivos ou discriminatorios.

A decisión do xurado será inapelable e adoptarse por maioría simple de entre os seus membros.

O xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar o desfile, para o que terá en conta a creatividade, orixinalidade e singularidade dos participantes, os materiais de elaboración dos disfraces e carrozas, a maquillaxe, a confección e construción artesanal, a complexidade da elaboración, os acabados da proposta, así como a simpatía dos participantes, interpretación de cancións ou realización de coreografías ou representacións vinculadas aos disfraces, a posta en escena e a concordancia de todos os elementos. Nas modalidades de carrozas e comparsas valorarase, de maneira especial, a existencia ou non de coplas e a súa calidade.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa. Se nalgunha das modalidades non se entrega algún premio poderase destinar o seu importe a outra modalidade en calidade de accésit.

O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

OITAVA.- Pago de premios

A concesión dos premios e gratificacións farase pública o mesmo día do desfile, unha vez se celebre a reunión do xurado.

Os premios inferiores a 125 € aboaranse en metálico, previa sinatura dun recibín por parte dos participantes ou dos representantes que designen. Os beneficiarios deberán cobralos na Casa do Concello ao remate do Concurso ou no Servizo de Cultura (Pazo da Cultura) no prazo de 10 días desde a celebración do Concurso. No caso de que non se cobre no prazo previsto perderán o dereito a cobrar o premio.

As gratificacións por participar ou os premios por un importe igual ou superior a 125 €, aboaranse mediante transferencia bancaria nos días posteriores á celebración do Concurso. Os beneficiarios deberán presentar un certificado de conta bancaria a nome da entidade participante, ou do representante ou integrantes do grupo, comparsa ou carroza no prazo máximo dun mes desde a celebración do concurso. De non entregarse a documentación no prazo previsto perderán o dereito a cobrar a gratificación ou premio. No caso de que se desexe que o ingreso se realice a nome de máis dun representante, deberán entregar os certificados de conta correspondentes a todos os representantes xunto coa relación nominal dos integrantes e compromiso de execución da actividade e aplicación do importe e nomeamento de representante.

O importe das gratificacións e premios están suxeitos ás retencións de IRPF correspondentes.

NOVENA.- Responsabilidade dos participantes e seguridade

Os participantes deberán cumprir coas instrucións que lle comunique a organización para o correcto desenvolvemento da actividade e coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que puideran causar agrupacións de persoas físicas ou entidades transcurso do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, e eximen de responsabilidade ao Concello de Carballo.

A participación no Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, supón a total e plena aceptación destas bases.

Para que a inscrición sexa válida e requisito imprescindible ter entregada a solicitude de inscrición debidamente cuberta e a documentación que garanta o cumprimento das condicións de participación.

O evento será fotografado e gravado, e as imaxes e gravacións poderán ser publicadas na páxina web do Concello e redes sociais. Por motivos de transparencia, os nomes dos gañadores serán publicados na web do concello.

DÉCIMA.- Información sobre protección de datos (rgpd 2016/679 e lpdgdd 3/2018)

Responsable do tratamento: Concello de Carballo (P1501900C), con dirección en Praza do Concello S/N, 15100 - Carballo (A Coruña)

Finalidade do tratamento: Xestionar a súa inscrición e participación no concurso ou certame, así como a toma e difusión de imaxes e fotografías do evento páxina web do Concello e redes sociais, xunto co nome dos gañadores por motivos de transparencia, co obxectivo de promocionar a actividade realizada polo Concello.

Base de lexitimación: O consentimento da persoa interesada (*artigo 6.1, a do RGPD*), o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (*artigo 6.1, e do RGPD*) e o consentimento de persoas menores de 14 anos (*artigo 7.2 da LOPDGD*).

Destinatarios: O Concello de Carballo subministrará os datos relativos ás gratificacións ou premios concedidos á Axencia Estatal da Administración Tributaria e das subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e á Base de Datos Nacional de Subvencións ou se é necesario para a xestión ou entrega do premio ou por obriga legal, así como a outros organismos da Administración Pública con competencia na materia.

Transferencias internacionais: Non se realizarán transferencias internacionais.

Conservación: Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal.

Exercicio de dereitos: A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, revogación do consentimento e limitación no apartado de [Política de Privacidade](#) da páxina web do Concello, presencialmente no Concello ou en dpd@carballo.gal.

Carballo, 14 de xaneiro de 2026

O Alcalde

José Daniel Pérez López

Os participantes deberán presentar a documentación que se lle requira, así como cumprir as instrucións de participación e seguridade que lle indique a organización.

O xurado poderá excluír ou penalizar aos concursantes que incumpran algunha das condicións das bases.

DÍA DO CONCURSO, Todos os participantes deben presentarse na entrada da Casa do Concello para confirmar as súas inscricións ENTRE AS 16.30 H E AS 17.00 H E RECOLLER OS DORSAIS. A orde de colocación será determinada pola organización.

O abaixo asinante declara que coñece e acepta as bases do presente concurso e que cumpre con todas as condicións que se especifican nas bases.

Carballo, de de 2026

Asdo.:

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento: Concello de Carballo (P1501900C), con dirección en Praza do Concello S/N, 15100 - Carballo (A Coruña)

Finalidade do tratamento: Xestionar a súa inscrición e participación no concurso ou certame, así como a toma e difusión de imaxes e fotografías do evento páxina web do Concello e redes sociais, xunto co nome dos gañadores por motivos de transparencia, co obxectivo de promocionar a actividade realizada polo Concello.

Base de lexitimación: O consentimento da persoa interesada (*artigo 6.1, a do RGPD*), o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (*artigo 6.1, e do RGPD*) e o consentimento de persoas menores de 14 anos (*artigo 7.2 da LOPDGDD*).

Destinatarios: O Concello de Carballo subministrará os datos relativos ás gratificacións ou premios concedidos á Axencia Estatal da Administración Tributaria e das subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e á Base de Datos Nacional de Subvencións ou se é necesario para a xestión ou entrega do premio ou por obriga legal, así como a outros organismos da Administración Pública con competencia na materia.

Transferencias internacionais: Non se realizarán transferencias internacionais.

Conservación: Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal.

Exercicio de dereitos: A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, revogación do consentimento e limitación no apartado de [Política de Privacidade](#) da páxina web do Concello, presencialmente no Concello ou en dpd@carballo.gal.

O evento será fotografado e gravado, e as imaxes e gravacións poderán ser publicadas na páxina web do Concello e redes sociais. Por motivos de transparencia, os nomes dos gañadores serán publicados na web do concello.

INSCRICIÓN: Entregar na sede electrónica, Rexistro Xeral do Concello de Carballo ou no Rexistro do Pazo da Cultura, **ATA O 11 DE FEBREIRO**
As modalidades de **GRUPOS, PARELLAS E INDIVIDUAL** poderán inscribirse tamén o **15 de febreiro** na Praza do Concello de 16.00 a 17.00 h.

Anexo 2

Declaración responsable CARROZAS 2026

A cubrir só por participantes na modalidade de Carrozas

D/D^a..... con NIF, e enderezo en
 CP:....., localidade:....., provincia
 e teléfonos fixo móbil: e con e-mail
, en representación da carroza inscrita no Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas do Entroido do Concello de Carballo, co nome

De conformidade co disposto nas bases do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas do Entroido do Concello de Carballo e coas especificacións que se recollen a continuación, presento esta DECLARACION RESPONSABLE nos seguintes termos:

- Declaro baixo a miña responsabilidade, cumprir cos requisitos técnicos e en materia de seguridade e salubridade na execución da carroza que se está a presentar a este Concurso.
- Declaro baixo a miña responsabilidade, que o/os vehículo/s que se utilicen na carroza (cabeza tractora e remolque) cumpren coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e que dispoñen da documentación obrigatoria de conformidade coa normativa vixente .
- Declaro que durante a participación no concurso seguiremos en todo momento as instrucións da Organización e da Policía Local.
- Declaro que cumprimos e temos en vigor o seguro de responsabilidade civil conforme á Lei de espectáculos e actividades recreativas de Galicia e ao seu Regulamento.

Cabeza tractora:

1. Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que a remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.

2. Os vehículos deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública.

Remolques-carrozas:

1. Medidas máximas: 8 metros de longo, 2,5 metros de ancho e 4 metros de alto. En ningún caso se poderán sobrepasar as medidas establecidas.

2. Non deberán posuír elementos cortantes e aconséllanse que contén con faldóns que protexan e oculten as rodas.

3. Os elementos con puntos de ancoraxe automáticos serán facilmente desmontables e non poderán sobresaír dos laterais.

4. Os equipos de son e de luz terán que ir protexidos e ocultos. Débese evitar utilizar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

6. Aquelas carrozas que precisen de grupo electrógeno deberano protexer de golpes e inclemencias meteorolóxicas. O seu combustible non se poderá transportar na carroza, deberá ir no vehículo de arrastre, convenientemente situado para garantir a seguridade durante o desfile ou nun depósito homologado.

Xerais:

1. Recoméndase a utilización de materiais ignífugos e non inflamables e levar un extintor.

2. Evitarase a utilización de artigos pirotécnicos.

3. Cada carroza deberá ir acompañada por un mínimo de 4 adultos.

SOLICITO que se teña por presentada a presente DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Carballo,de de 2026

ASDO:

ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

IMPRESO PARA AGRUPACIÓNS OU COLECTIVOS PARTICIPANTES NO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS			
Anexo 3			
RELACIÓ DE INTEGRANTES DA AGRUPACIÓ, DESIGNACIÓ DE REPRESENTANTE/S E DECLARACIÓ DE COMPROMISO DE EXECUCIÓ DA ACTIVIDADE E APLICACIÓ DE PREMIOS OU GRATIFICACIÓNS			
NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA	COMPROMISO DE EXECUCIÓ Cumprimentar só se o compromiso de execuci3 e a porcentaxe de aplicaci3 do importe do premio ou gratificaci3 non 3 igual para todos os integrantes

Nota: No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro, o importe do premio ou gratificaci3 a aplicar a cada un deles, imputar3se todo ao representante ou representantes o partes iguais.

Constituídos como agrupaci3 ou colectivo coa finalidade de PARTICIPAR NO DESFILE E CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS que organiza o Concello de Carballo.

COMPROMÉTENSE

“ A executar conxunta e solidariamente a actividade na que participan, e a aplicar e responder co mesmo criterio, do importe das gratificaci3s e/ou premios que o Concello de Carballo lles outorgue.

Logo do exposto, os membros integrantes desta agrupaci3 ou colectivo,

“ A executar a actividade na que participan e a aplicar e responder do importe do premio ou gratificaci3 que o Concello de Carballo lle otorgou nas porcentaxes que se detallan na relaci3 de integrantes.

ACORDAN

Nomear como representante ou representantes da Asociaci3, Comisi3n, Colectivo ou Agrupaci3n a D./Dna con NIF con enderezo en,tel3fono e enderezo electr3nico

..... con NIF con enderezo en,tel3fono e enderezo electr3nico

D./Dna con NIF con enderezo en,tel3fono e enderezo electr3nico

Carballo, de de 2026

Asdo.:Representante/s das agrupaci3ns

2026/160